

# **Acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Traballo e Benestar para a coordinación das ofertas de formación profesional nos centros que impartan ensinanzas de formación profesional da nosa Comunidade Autónoma**

En Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de dous mil catorce

## **REUNIDOS**

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Doutra, dona Beatriz Mato Otero, Conselleira de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Interveñen en representación dos seus respectivos cargos e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.



## EXPOÑEN

1. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación do sistema integrado de formación profesional, cualificacións e acreditación que responda ás demandas sociais, con eficacia e transparencia, a través das diferentes modalidades formativas.

Esta lei, no seu artigo 9, di que a formación profesional abrangue un conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diferentes profesións, para o acceso ao emprego e para a participación na vida social, cultural e económica. Inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores e das traballadoras, e as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e a actualización permanente das competencias profesionais.

Así mesmo, considera Centros Integrados de Formación Profesional aqueles que impartan todas as ofertas formativas ás que se refire o artigo 10.1 da presente Lei. Entre elas contémpanse os títulos e os certificados de profesionalidade, que constituirán as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

En cuanto á habilitación do profesorado de formación profesional, a disposición adicional primeira contempla que os funcionarios dos corpos de profesores de ensinanza secundaria e de profesores técnicos de formación profesional, sen prexuízo de seguir desempeñando as súas funcións na formación profesional específica, de acordo co establecido na disposición adicional décima, apartado 1, da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, e de conformidade co que establezan as normas básicas que determinan a atribución da competencia docente aos profesores de ditos corpos, poderán desempeñar funcións nos demais ámbitos da formación profesional regulada nesta lei, de conformidade co seu perfil académico e profesional e co que ao efecto determinen as administracións competentes.

2. Que a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación establece que a formación profesional no sistema educativo comprende un conxunto de ciclos formativos cunha organización modular, de duración variable e contidos teórico-prácticos adecuados aos diversos campos profesionais.

Os ciclos formativos serán de grao medio e de grao superior, estarán referidos ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e constituirán, respectivamente, a formación

profesional de grao medio e a formación profesional de grao superior. Os estudos de formación profesional regulados nesta lei poderán realizarse tanto nos centros educativos que nela se regulan como nos centros integrados e de referencia nacional aos que se refire o artigo 11 da Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional.

3. Que a Lei Orgánica 4/2011, de 11 de marzo, complementaria da Lei de Economía Sostible, pola que se modifican as Leis Orgánicas 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e a 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, no apartado sete, engade una disposición adicional quinta á Lei Orgánica 5/2002, que na que establece a rede de centros de formación profesional que permita armonizar a oferta e avanzar na calidade da mesma; entre eles os CIFP e os centros públicos do sistema educativo que ofertan formación profesional.

Ademais, contempla que as administracións educativas e laborais competentes establecerán o procedemento para que os centros autorizados para impartir formación profesional do sistema educativo, que reúnan os requisitos necesarios, poidan impartir tamén formación profesional para o emprego.

4. Que o Real Decreto 395/2007, de 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego contempla a formación de oferta, entendida como aquela que ten por obxecto facilitar ás persoas traballadoras, ocupadas e desempregadas, unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo que atenda aos requirimentos de competitividade das empresas, á vez que satisfaga as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento persoal das persoas traballadoras, capacitándoas para o desempeño cualificado das diferentes profesións e para o acceso ao emprego.

5. Que a Consellería de Traballo e Benestar establece anualmente a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores e traballadoras desempregado/as e as axudas correspondentes a estes cursos de formación profesional para o emprego, que teñen por obxecto a cualificación profesional dos traballadores e traballadoras.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autoriza cada curso escolar a oferta de ciclos formativos de formación profesional inicial na nosa Comunidade Autónoma

coa finalidade de preparar ao alumnado para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica.

6. Que ademais, tal e como se recolle no Acordo de Diálogo Social asinado en Galicia o 30 de xullo de 2010, corresponde ás administracións públicas poñer todos os medios ao seu alcance para loitar contra o desemprego, constituíndo as políticas activas de emprego o instrumento axeitado para elo. Dentro destas políticas destacan, por unha banda, a formación, que ocupa un papel fundamental para mellorar a cualificación e a empregabilidade dos traballadores, de forma que aumenten as súas posibilidades de inserción no mercado de traballo e, por outra, o fomento do emprego, como mecanismo de inserción e permanencia no mercado de traballo.

7. Por todo isto, ambas consellerías, co fin de contribuír á mellora das cualificacións e da formación profesional, en conexión coa política de desenvolvemento económico e social e coa política industrial e de emprego, no exercicio das súas respectivas competencias e en cumprimento dos seus obxectivos, consideran necesaria a colaboración para coordinar a oferta formativa de formación profesional nos centros educativos que impartan estas ensinanzas na nosa Comunidade Autónoma.

En consecuencia, ambas consellerías subscriben este acordo, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Obxecto do acordo**

**Primeira.** O presente acordo ten por obxecto a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Traballo e Benestar, para coordinar as ofertas de formación profesional nos centros que impartan ensinanzas de formación profesional, da nosa Comunidade Autónoma, durante o ano 2014, e adecuala á demanda e necesidades do tecido industrial de Galicia.

### **Formación profesional inicial**

**Segunda.** A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorizará, para o curso 2014-15, a oferta das ensinanzas de formación profesional inicial, polo réxime de persoas adultas e en oferta modular, nos seguintes Centros Integrados de Formación Profesional, dependentes da Consellería de Traballo e Benestar:

- Centro Integrado de Formación Profesional de Santiago: familia profesional de Agraria, módulos do CS Xestión forestal e do medio natural.
- Centro Integrado de Formación Profesional de Coia: familia profesional de Instalación e mantemento, módulos do CS Mecatrónica industrial.
- Centro de Integrado de Formación Profesional Santa María de Europa de Ourense: familia profesional de Madeira, moble e cortiza, módulos do CM Carpintaría e moble.

**Terceira.** Respecto ás ensinanzas de formación profesional inicial, referidas na cláusula anterior e sempre que estas se impartan, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asumirá:

- Os gastos ordinarios específicos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das referidas ensinanzas por un importe máximo de 6.000 €, para cada ciclo e con cargo ao orzamento do ano 2014 e ao concepto orzamentario 09.60.422M.229, no que se contemplan os gastos de funcionamento dos centros que imparten ciclos formativos.
- O persoal docente necesario para impartir as referidas ensinanzas, con cargo ao cupo de profesorado de ensino secundario asignado a esta consellería.

**Cuarta.** A Consellería de Traballo e Benestar atenderá os gastos xerais das instalacións dos centros, referidos na cláusula segunda; así como tamén, serán da súa competencia os derivados da conservación, reparación e mantemento do centro, como titular dos mesmos.

**Quinta.** A todos os efectos académico-administrativos as ensinanzas de formación profesional inicial que se impartan nos referidos Centros Integrados de Formación Profesional dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, formarán parte da oferta formativa dos seguintes Institutos de Educación Secundaria:

- Centro Integrado de Formación Profesional Santiago, do CIFP Politécnico de Santiago de Compostela.
- Centro Integrado de Formación Profesional de Coia, do IES Politécnico de Vigo.
- Centro de Integrado de Formación Profesional Santa María de Europa, do IES Universidade Laboral de Ourense.

Correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o establecemento, desenvolvemento e supervisión dos planos educativos propios da consellería, quedando os centros nos seus ciclos formativos específicos sometido á inspección educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo a normativa vixente para os centros públicos.

### **Formación profesional para o emprego**

**Sexta.** A Consellería de Traballo e Benestar autorizará a impartición dos cursos de formación para o emprego, nos centros educativos que impartan ensinanzas de formación profesional, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que se relacionan no anexo I deste acordo, á vista da proposta de accións formativas a impartir realizada con anterioridade pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

En todos os cursos será obrigatoria a impartición do módulo transversal inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero (FCOO039) cunha duración de 10 horas. Ademais, para dar cumprimento ao establecido no artigo 33º da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, impartirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, cunha duración de oito horas (FCOXXX05). Así mesmo, será obrigatorio o curso básico de prevención de riscos laborais nas especialidades formativas das familias profesionais ART, ELE, ENA, EOC, FME, IEX, IMA e MAM que figuran na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar.

**Sétima.** Respecto as accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas, referidas na cláusula anterior, a Consellería de Traballo e Benestar asumirá:

- Os custos directos e asociados dos cursos, que se fixarán de acordo co establecido na orde TAS/718/2008 do 7 de marzo, polo que se desenvolve o RD 395/2007 do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.
- As axudas do alumnado.

O financiamento destes cursos será con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.323A.229, que para tal fin utiliza a Consellería de Traballo e Benestar, por un importe total de 3.241.092 euros. Dito importe distribuirase do seguinte xeito: 2.688.632,10 euros corresponden ao orzamento das accións formativas (custos directos e asociados, coa seguinte distribución: 1.115.782,31 euros para docencia e 1.572.849,79 euros para outros custos), e unha previsión de 552.459,90 euros para as axudas dos alumnos.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que asume a xestión do pagamento dos custos do profesorado dos cursos de formación para o emprego que se impartan nos centros educativos, dependentes desta consellería, procederá á ampliación de crédito na aplicación orzamentaria 09.60.422H.151, logo da aprobación previa da Consellería de Facenda, polo importe de 1.115.782,31 euros procedentes da Consellería de Traballo e Benestar. Deste importe deducirase a cantidade de 60.776,21 euros correspondentes á addenda ao acordo anterior, asinada no exercicio 2013, que non foron xustificadas e que xa están incorporados no ano 2014.

**Oitava.** Os participantes nas accións formativas deberán ser persoas desempregadas menores de 30 anos. Dentro deste colectivo terán preferencia para a participación nos cursos as persoas que teñan subscrito e vixente un itinerario personalizado de inserción, as mulleres, especialmente aquelas que teñan a condición de vítimas de violencia, de acordo co disposto no artigo 3 do Real decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, as persoas con discapacidade, as persoas desempregadas de longa duración, as persoas en risco de exclusión social, entendéndose como tales aquelas nas que concorran algún dos factores ou situacións enumeradas no artigo 2 do

Decreto 156/2007, do 19 de xullo, sempre que tal situación se certifique polos servizos sociais públicos correspondentes, e as persoas con baixa cualificación.

Non poderá participar o alumnado matriculado no centro de formación profesional, salvo petición expresa e debidamente xustificada do centro e previa autorización do Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e da Directora Xeral de Formación e Colocación.

**Novena.** A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria levará a cabo todas as actuacións conducentes á instrumentación do correspondente expediente administrativo axustándose á normativa reguladora do Plan de Formación e Inserción Profesional. Así mesmo, asumirá a xestión do pagamento dos custos do profesorado dos cursos de formación para o emprego que se impartan nos centros educativos, dependentes desta consellería. Este profesorado deberá reunir os requisitos de formación académica e experiencia profesional esixidos pola normativa correspondente.

**Décima.** A Consellería de Traballo e Benestar farase cargo directamente da xestión do pagamento dos custos directos e asociados (agás os custos de docencia) e das axudas do alumnado, a través das súas xefaturas territoriais.

### **Comisión de seguimento**

**Décimo primeira.** Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando así o estime oportuno, co obxecto de determinar a programación, o seguimento e a avaliación das accións previstas no Acordo.

Esta comisión estará constituída por:

- a) Tres representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- b) Tres representantes da Consellería de Traballo e Benestar.
- c) Un funcionario de calquera das dúas consellerías, que actuará como secretario.

### **Vixencia do Acordo**

**Décimo segunda.** Este Acordo estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do ano 2014, e poderase renovar por acordo expreso das partes, mediante a correspondente



addenda. O acordo poderá ser denunciado por calquera das partes por incumprimento das obrigas nel previstas. A denuncia esixirá escrito motivado dirixido á comisión de seguimento, cunha antelación de tres meses e non terá efecto ata a finalización das accións formativas que se estean levando a cabo.

Lido o presente Acordo, atópano conforme e asínano no lugar e data indicados no encabezamento.

**O Conselleiro de Cultura, Educación e  
Ordenación Universitaria**

**A Conselleira de Traballo e Benestar**

**Jesús Vázquez Abad**

**Beatriz Mato Otero**

**ANEXO I**
**CIFP**

Centro	Nome do curso	Código curso	Horas	H.Prá	H. Igu.	H.Ins	H.Prev
CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel	Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes	SANT0108	460	120	8	10	0
CIFP A Farixa	Promoción turística local e información ao visitante	HOTI0108	690	120	8	10	0
	Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións	ELES0108	450	120	8	10	60
	Eficiencia enerxética de edificios	ENAC0108	920	120	8	10	60
CIFP A Granxa	Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes	AGAO0208	470	80	8	10	0
CIFP A Xunqueira	Traballos de carpintaría e moble	MAMD0209	300	80	8	10	60
	Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos	TMVG0209	520	80	8	10	0
CIFP Anxel Casal- Monte Alto	Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	SSCS0208	450	80	8	10	0
	Promoción e participación da comunidade xorda	SSCG0112	660	120	8	10	0
CIFP As Mercedes	Eficiencia enerxética de edificios	ENAC0108	920	120	8	10	60
	Montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas	IMAR0108	540	120	8	10	60
CIFP Carlos Oroza	Operacións básicas de pisos e aloxamentos	HOTA0108	380	80	8	10	0
	Operacións básicas de cociña	HOTR0108	350	80	8	10	0
CIFP Compostela	Repostaría	HOTR0509	500	80	8	10	0
	Impresión dixital	ARGI0209	440	120	8	10	0
	Sumillería	HOTR0209	400	80	8	10	0
	Cociña	HOTR0408	810	80	8	10	0
CIFP Coroso	Mantemento de sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe de vehículos automóviles	TMVG0309	480	80	8	10	0
	Peixaría e elaboración de produtos da pesca e acuicultura	INAJ0109	540	80	8	10	0
CIFP Ferrolterra	Traballos de carpintaría e moble	MAMD0209	300	80	8	10	60
	Dinamización de actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil	SSCB0209	310	160	8	10	0
	Eficiencia enerxética de edificios	ENAC0108	920	120	8	10	60
	Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas	ELEE0108	220	80	8	10	60
CIFP Manuel Antonio	Promoción turística local e información ao visitante	HOTI0108	690	120	8	10	0
	Operacións básicas de cociña	HOTR0108	350	80	8	10	0
	Panadería e bollería	INAF0108	530	80	8	10	0
	Pastelería e confeitaría	INAF0109	580	80	8	10	0
CIFP Paseo das Pontes	Operacións básicas de pastelería	HOTR0109	410	80	8	10	0
	Servizos de restaurante	HOTR0608	580	80	8	10	0



Centro	Nome do curso	Código curso	Horas	H.Prá	H. Igu.	H.Ins	H.Prev
CIFP Politécnico de Lugo	Montaxe e mantemento de sistemas domóticos e inmóticos	ELEM0111	480	120	8	10	60
	Xestión de chamadas de teleasistencia	SSCG0111	310	80	8	10	0
	Montaxe e posta en marcha de bens de equipo e maquinaria industrial	FMEE0208	690	80	8	10	60
CIFP Politécnico de Santiago	Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións	ELES0108	450	120	8	10	60
	Xestión da produción en fabricación mecánica	FMEM0109	350	40	8	10	60
CIFP Porta da Auga	Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción	EOCB0109	440	80	8	10	60
	Mantemento dos sistemas eléctricos e electrónicos de vehículos	TMVG0209	520	80	8	10	0
	Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas	ENAE0108	540	120	8	10	60
CIFP Portovello	Actividades de venda	COMV0108	590	80	8	10	0
	Xestión contable e xestión administrativa para auditoría	ADGD0108	630	80	8	10	0
CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	Confección e publicación de páxinas web	IFCD0110	560	80	8	10	0
CIFP Someso	Produción en mecanizado, conformado e montaxe mecánica	FMEM0209	600	80	8	10	60
	Xestión da produción en fabricación mecánica	FMEM0109	350	40	8	10	60
	Pintura de vehículos	TMVL0509	500	40	8	10	0
	Mantemento de elementos non estruturais de carrozarías de vehículos	TMVL0209	630	40	8	10	0
CIFP Valentín Paz Andrade	Operacións de fontanería e calefacción-climatización doméstica	IMAI0108	480	160	8	10	60
	Mantemento do motor e os seus sistemas auxiliares	TMVG0409	520	80	8	10	0

## IES

Centro	Nome do curso	Código curso	Horas	H.Prá	H. Igu.	H.Ins	H.Prev
IES Campo de San Alberto	Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións	ELES0108	450	120	8	10	60
IES Punta Candieira	Mantemento e montaxe mecánica de equipo industrial	IMAQ0108	590	80	8	10	60
IES de Ortigueira	Aplicación de vernices e lacas en elementos de carpintería e moble	MAMD0109	210	40	8	10	60
	Serrado de madeira	MAMA0209	410	80	8	10	60
IES Terra de Xallas	Operacións auxiliares de montaxe e mantemento de equipos eléctricos e electrónicos	ELEQ0111	390	80	8	10	60
IES Gregorio Fernández	Mantemento e montaxe mecánica de equipo industrial	IMAQ0108	590	80	8	10	60
IES A Pinguela	Coidados estéticos de mans e pés	IMPP0108	360	80	8	10	0
	Servizos auxiliares de peluquería	IMPQ0108	330	120	8	10	0





Centro	Nome do curso	Código curso	Horas	H.Prá	H. Igu.	H.Ins	H.Prev
IES Cidade de Antioquia	Xestión da produción de sementes e plantas en viveiro	AGAU0210	540	40	8	10	0
IES Lauro Olmo	Mantemento do motor e os seus sistemas auxiliares	TMVG0409	520	80	8	10	0
IES Sección de Sobradelo-Carballeda	Operacións de formigón	EOCH0108	260	40	8	10	60
IES García-Barbón	Mantemento e montaxe mecánica de equipo industrial	IMAQ0108	590	80	8	10	60
IES de Valga	Operacións auxiliares de fabricación mecánica	FMEE0108	440	40	8	10	60
IES de Rodeira	Montaxe e mantemento de sistemas de telefonía e infraestruturas de redes locais de datos	ELES0209	420	80	8	10	60
IES Chan do Monte	Montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas	IMAR0108	540	120	8	10	60
IES A Paralaia	Montaxe e mantemento de instalacións eléctrica de baixa tensión	ELEE0109	920	80	8	10	60
IES Johan Carballeita	Servizos auxiliares de peluquería	IMPQ0108	330	120	8	10	0
	Aplicación de vernices e lacas en elementos de carpintería e moble	MAMD0109	210	40	8	10	60
	Traballos de carpintería e moble	MAMD0209	300	80	8	10	60
IES Antón Losada Diéguez	Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotrónicas e de telecomunicacións en edificios	ELES0208	380	80	8	10	60
IES Ribeira do Louro	Marketing e compravenda internacional	COMM0110	750	40	8	10	0